



# revelando 2010 Voces



REDE MUNICIPAL  
DE CENTROS  
SOCIOCULTURAIS



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Concellaría de Cultura  
e Centros Socioculturais

**EVELANDO VOCES 2010** pretende chegar aos centros socioculturais de Compostela sons de diferentes formacións locais, buscando novos públicos e nova proxección para estes intérpretes. Se nas primeiras edicións os cantautores e a música vocal tivo unha maior presenza, desde a terceira edición ampliouse o abano de artistas participantes para recoller novas propostas sonoras en clave de jazz, ská, música tradicional ou mesmo o rock. Todas elas acordades coa filosofía de realizarse en espazos de pequeno formato como os auditorios dos centros socioculturais e acoller a formacións musicais novas nos circuitos de Compostela.

**EVELANDO VOCES 2010** pretende axudar a promocionar grupos compostelás ofrecendo unhas condicións de son e iluminación axeitadas para o desenvolvemento da súa proposta musical, á vez que unha base de promoción e lanzamento.

O ciclo que promove a Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais do Concello de Santiago selecciónou sete formacións musicais escollidas polos técnicos municipais dos centros culturais para realizar doce concertos e unha gala final a desenvolver no Teatro Principal.



## OS LOCAIS

Serán os centros cabeceira da rede da Concellalía de Cultura e Centros socioculturais: Centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, o CSC José Saramago de Vite, o CSC das Fontiñas, o CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño, o CSC de Amio e o Csc Aurelio Aguirre de Conxo, e unha actuación na Festa da Primavera na Porta do Camiño. A entrada é de balde ata completar aforo.

Para a Gala Final no Teatro Principal os técnicos escolleron dúas formacións de entre os/as participantes.

8 de maio

### Brandelia

CSC Aurelio Aguirre de Conxo

### Lemaniot

CSC José Saramago de Vite

### Os Mordecáns

Porta do Camiño

Festa da Primavera 22 h

20 de maio

### Pi graos

CSC de Amio

22 de maio

### La Edad Prohibida

CSC Aurelio Aguirre de Conxo

### Jamila Purofilin

CSC Fontiñas

28 de maio

### Pi graos

CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño

29 de maio

### La Edad Prohibida

CSC Fontiñas

### Brandelia

Centro sociocultural e xuvenil do Ensanche

5 de xuño

### Liridade Noctámbula

Centro sociocultural e xuvenil do Ensanche

### Os Mordecáns

CSC José Saramago de Vite

19 de xuño

### Lemaniot

CSC Agustín Bueno do Castiñeiriño

25 de xuño

### Jamila Purofilin

### Liridade Noctámbula

Teatro Principal

Actuacións as 21 h. Agás a sinalada.

## OS GRUPOS

**PI GRAOS** comezan a súa andaina en novembro de 2008 baixo o nome Perpetradores de Actos. Na súa curta existencia e sen traballos discográficos gañaron un dos premios Nsaio Xeral, e foron terceiros no certame Música Xove '09 e segundos no GZCrea '09.

Pi graos nace con dous obxectivos, compoñer a súa propia música e gozar no intento. Aínda que o seu estilo poderíase encaixar no jazz contemporáneo, o seu rumbo está desviado aproximadamente pi graos ao oeste xa que buscan a orixinalidade na estrutura dos seus temas e exprimir ó máximo a súa instrumentación. O seu repertorio baséase en composicións orixinais. Os responsabéis son: Lucas Rey: Teclados. Martín Garrido: Batería, tabla e máis percusión. Pedro Oliveira: Guitarra. Jorge Villar: Baixo eléctrico. Adrián Fachal: Saxo alto.

[www.myspace.com/pigraos](http://www.myspace.com/pigraos) | [pigraos@gmail.com](mailto:pigraos@gmail.com)

**LIRIDADE NOCTÁMBULA** nace en Granada no (2006) da man de Ramón Rey iniciándose cun traballo de cinco cortes, un proxecto de estudo baixo o nome de Fin do primeiro acto. Despois regresa a Compostela para abordar novas composicións. Liridade é música de autor acompañada por amigos de diferentes cidades do mundo; Río de Xaneiro, Cádiz, Valencia, Madrid, Barcelona...

No ano 2009 gaña o concurso Música Xove 09 na vertente música de autor e chega a formar parte da programación das festas da Ascensión e o Apóstolo, sendo teloneiros de bandas como Los Delinquentes e Lamatumbá. Actualmente a banda está composta de sete membros: batería, baixo, guitarra flamenca, voz, clarinete saxo e voz feminina e aú música podería etiquetarse dentro da fusión de samba, bossa, reggae, flamenco...

[www.myspace.com/liridadenocetambula](http://www.myspace.com/liridadenocetambula) | [ramonrg21@hotmail.com](mailto:ramonrg21@hotmail.com)

**LA EDAD PROHIBIDA** nace un verán chuvioso, un verán calquera en Compostela. As letras de dúas cantautoras, Iria Figueroa e María Viñal deciden unirse en busca dun mesmo destino. Descubren xuntas a forza do directo, deixando en cada escenario o mellor das súas creacións. Sons acústicos e melódicos, sentimentos, impresións. Desde entón visitan múltiples salas, gañanse un público moi diverso e participan en varios circuitos de música galegos. Son finalistas do certame de cantautores XpressionK!!! e terceiro premio no Certame de Maquetas [www.musgio.com](http://www.musgio.com). La Edad Prohibida chega coa forza do mar, co son da choiva do norte.

[www.myspace.com/laedadprohibida](http://www.myspace.com/laedadprohibida) | [La\\_edad\\_prohibida@hotmail.com](mailto:La_edad_prohibida@hotmail.com)

**JAMILA PUROFILIN**, Jamila é a voz de Purofilin, xunto con Alejandro Luzardo en guitarra e arranxos. Durante dez anos de carreira musical e máis de cincocentos concertos realizados, pode destacar: FESTIGAL 2008, Santiago de Compostela, VOCES EN FEMENÍ 2006, 53 FES-

TIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA E DANZA DE GRANADA 2004, a Xira ARTISTAS EN RUTA 2002, patrocinada pola Asociación de intérpretes de España (AIE), Festival dos Abrazos, entre outros

O grupo Purofilin, está integrado tamén polos músicos uruguayos Alejandro Luzardo (guitarra e arranxos) e Santiago Branco (percusións). Purofilin é o resultado da procura dun estilo apropiado para expresar unha época e un universo persoal. A conexión entre Cuba e O Río da Prata; achega un matiz diferente a todo este imaxinario conformado por temas interpretados en clave de jazz latino.

[www.myspace.com/jamilapfilin](http://www.myspace.com/jamilapfilin) | [purofilin@hotmail.es](mailto:purofilin@hotmail.es)

**LEMANIOT**. Acordeón, violonchelo, contrabaixo, percusión e voz, son os cinco ingredientes que se mesturan neste cuarteto musical. Temas propios, standards de jazz, cancións de tradición irlandesa, da Europa do Leste, do Brasil, tangos, boleros... conforman o repertorio que confirma que Lemaniot nace da procura dun son diverso e diferente, dirixido a todo tipo de caracteres e personalidades sonoras con ansias de innovación.

Lemaniot son: Ana Leira: voz, cello; Vazdim Yukhnevich: acordeón; Alfonso Calvo: contrabaixo; Roi Adrio: percusión.

[www.myspace.com/lemaniot](http://www.myspace.com/lemaniot) | [lemaniot@gmail.com](mailto:lemaniot@gmail.com)

**BRANDELIA** é un grupo fundado en Santiago de Compostela, que fusiona a electrónica cas sonoridades tradicionais tanto galegas como do resto de Europa, ou con calquera outro estilo musical. O seu fin é evoca-lo misterio e a beleza de Galicia, o salvaxe e máxico das súas paisaxes, contar e canta-la súa mitoloxía, e comunica-la vixencia da súas ancestrais cultura e historia en pleno século XXI. Brandelia son Andrés Cuns Turnes na composición, arreglos, guitarras, frautas, teclados e programacións, Loli Nogueira (vocalista no último disco do José Nine Cuarteto) na voz, Jose Rubio (ex Warcry) nas guitarras, e Isidro Vidal (maestro de gaita de ampla traxectoria) nas gaitas e frautas.

[www.merlobranco.com](http://www.merlobranco.com) | [produccions@merlobranco.com](mailto:produccions@merlobranco.com)

**OS MORDECANS**. A proposta é ter festa, facer festa e gozar do mellor momento. Así se presentan Os Mordecáns cada noite que ofrecen o seu directo. Agasallar co disfrute da rumba d taberna por todo o alto a quen escoite.

Foi no verán do 2007 cando saíron do caixón no que estaban metidos dándose a coñecer co tema O Son do Son. Xurdidos doutras formacións os seus cinco compoñentes teñen claro que o modo de gozar dunha noite de concerto é bailando e brincando; e, cando isto acontece, Os Mordecáns marchan satisfeitos. Os Mordecáns fan unha potente rumba catalana misturada con estilos como o reggae ou o ská. A bailar!

<http://www.myspace.com/mordecans> | [marianoraskin@hotmail.com](mailto:marianoraskin@hotmail.com)